

agora repúblicas

democracia, liberdade, dereitos



As eleccións do próximo 26 de maio ao Parlamento Europeo terán lugar nun contexto de involución democrática marcado non só polas consecuencias das medidas de austeridade imposta hai anos, senón tamén polas políticas claramente restritivas en materia de dereitos políticos e civís, individuais e colectivos, en máis e máis estados membros da Unión. A perda de dereitos sociais está causando que millóns de persoas se enfronten ao desemprego, á precariedade, ao empobrecemento e á exclusión social. A democracia e os dereitos fundamentais están agora en perigo, tanto no Estado español como no conxunto da UE.

Para forzas progresistas como a nosa, que os nosos pobos teñan a capacidade de decidir plenamente é a única forma de avanzar cara a un modelo xusto e igualitario de sociedade, ignorando un sistema que preserva os privilexios das elites, que persegue a disidencia política e que segue caracterizado pola corrupción case sistémica. E tanto as eleccións europeas coma o noso traballo no Parlamento Europeo son outro ámbito de loita para defender os intereses da nosa cidadanía e dos nosos pobos.

Neste contexto, a coalición AGORA REPÚBLICAS é unha resposta e un camiño de futuro. Fronte a un Estado español que non só nos impide desenvolver o noso propio modelo social, político e económico, senón que tamén nega e reprime con todos os medios á súa disposición as nosas reivindicacións e dereitos como pobos, como reflicten a existencia de tantos presos e presas políticos, exiliados e exiliadas, ou os ataques contra institucións e actuacións completamente democráticas, AGORA REPÚBLICAS ofrécese como a mellor ferramenta democrática para defender as liberdades, os dereitos nacionais e sociais e unha democracia digna de tal nome.

Fronte á negativa permanente do Estado español a aceptar o dereito a decidir libre e democraticamente o noso presente e o noso futuro, AGORA REPÚBLICAS aposta por sumar forzas soberanistas e republicanas e tende a man a todas as persoas demócratas do Estado español que comparten a necesidade de dicir basta á involución, á represión, ao recorte de dereitos civís e políticos, á desigualdade social, á precariedade, ao machismo como sistema, ao odio ao diferente e ao medo ao futuro.

Desde unha clara defensa do dereito á autodeterminación e do dereito dos pobos a decidir, AGORA REPÚBLICAS nace para unir forzas na loita polas liberdades e dereitos dos pobos e das persoas, pola democracia e as liberdades, pola liberdade das presas e presos políticos e o regreso dos exiliados.

agora repúblicas

democracia, liberdade, dereitos



Presentámonos como unha alianza política e electoral que se compromete a gañar a esperanza e responder desde a rebeldía: unha alianza comprometida coa defensa dos dereitos sociais (saúde, educación, asistencia social, cultura e vivenda) e laborais; comprometida cun modelo de sociedade xusto, solidario, feminista, aberto, ecoloxista e democrático, para defender e conquistar todos os nosos dereitos como individuos e como pobos. Un modelo de sociedade que incentive o tecido produtivo e industrial, a innovación e o desenvolvemento; que permita aos mozos crear e desenvolver o seu propio futuro e que coide o presente e futuro dos nosos maiores. Un modelo de sociedade que promova e garanta a riqueza cultural e lingüística dos pobos; internacionalista e pacifista; que promova un modelo de desenvolvemento xusto e verde, que defenda o medio ambiente e loite contra o cambio climático; un modelo de sociedade que non peche as fronteiras a quen só buscan un futuro digno para elas e as súas fillas; un modelo de sociedade que loite contra o fascismo e a xenofobia.

Fronte a pantasma do autoritarismo que percorre Europa e medio mundo, AGORA REPÚBLICAS suma forzas en defensa da dignidade, a xustiza e a liberdade. Facemos e sentimos coma nosas todas as causas xustas que fixeron avanzar á humanidade. Cada día, desde a nosa realidade, traballamos para mellorar a vida das nosas respectivas cidadanías en todos os ámbitos, ofrecendo solucións e alternativas.

Pola democracia, os dereitos e as liberdades, AGORA REPÚBLICAS.

